



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xeografía: Espazos e sociedades

Materia	Xeografía: Espazos e sociedades			
Código	002G251V01301			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Rodríguez Blanco, María Luz			
Profesorado	Rodríguez Blanco, María Luz			
Correo-e	maria.luz.rodriguez.blanco@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Introducción do análise xeográfico nos espazos do ámbito global-local. Estudo das interaccións espazo-sociedade dende novas perspectivas metodolóxicas, dos desequilibrios territoriais e dos problemas sociais.			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
C3	Coñecemento das claves e desenvolvemento dos espazos xeográficos, (aspectos físicos, humanos, económicos) na súa dinámica socio-territorial
C4	Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais
C6	Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica
C8	Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D7	Capacidade de razoamento crítico
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D10	Atención á diversidade e multiculturalidade.
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D15	Sensibilidade a temas ambientais.
D16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento e análise da realidade xeográfica en escalas espacio-temporais global, europea e local, comunicando a reflexión sobre a mesma nos termos e procedementos xeográficos adecuados.	A3	B1	C3	D1
			C4	D4
				D7
				D16

Comprensión dos fenómenos xeográficos como manifestación de relacións complexas entre variables físicas, humanas e socioeconómicas.	A3	B1	C4	D1 D4 D7 D15
Coñecemento e capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos xeográficos nun contexto disciplinar e multi-disciplinar.	A5	B3	C6	D1 D5 D11
Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social.	A4	B3	C6 C8	D4 D5 D9 D10 D11

Contidos

Tema	
1. Marco xeral	1.1 Conceptos básicos 1.2 Configuracións categóricas
2. Estructuras e sistemas	2.1 Contexto global-local 2.2 Organización territorial
3. Dinámicas e tendencias	3.1 Recursos críticos 3.2 Perspectivas alternativas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	15	20	35
Eventos científicos	8	2	10
Traballo tutelado	15	15	30
Seminario	2	6	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	26	30
Traballo	4	19	23
Observación sistemática	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades para detectar coñecementos previos, intereses e motivacións do alumnado. Presentación dos obxectivos, contidos, metodoloxía e desenvolvemento da materia.
Lección maxistral	Explicación e reflexión dos contidos teóricos, guiado polo docente, como referentes nas aplicacións prácticas da materia.
Eventos científicos	Xornadas, mesas redondas, conferencias e debates que permiten afondar ou complementar os contidos da materia, nun formato académico e extra-académico.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.
Seminario	Atención ó proceso da comprensión de contidos, adquisición das competencias e realización de actividades.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na revisión de exercicios, probas e traballos; na resolución de dúbidas e toma de acordos para calquer aspecto da dinámica da materia. Realizarase a través dos seguintes recursos: curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Actividades introdutorias	A atención personalizada consistirá na orientación do nivel de aprendizaxe requirido, a introdución aos materiais, a resolución de dúbidas e a explicación da dinámica do desenvolvemento da materia. Realizarase a través dos seguintes recursos: curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na orientación, resolución de dúbidas e problemas que poidan ir xurdindo ao realizar os traballos. Realizarase a través dos seguintes recursos: curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado realizará probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema ou situación plantexados para organizar, relacionar e presentar os coñecementos da materia nunha estrutura extensa. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento e análise da realidade xeográfica en escalas espazo-temporais global, europea e local, comunicando a reflexión sobre a mesma nos termos e procedementos xeográficos adecuados; Comprensión dos fenómenos xeográficos como manifestación de relacións complexas entre variables físicas, humanas e socio-económicas.	60	B1 C3 D1 C4 D4 D7 D16
Traballo	O alumnado presentará os resultados obtidos (documentación e defensa) sobre o desenvolvemento dunha temática da materia nun aspecto aplicado (inclúe avaliación do uso das TICs). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento e capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos xeográficos nun contexto disciplinar e multi-disciplinar; Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social.	30	B3 C6 D1 C8 D4 D5 D9 D11 D15
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado, valorando aprendizaxes e accións (orde, precisión, destreza, eficacia, participación activa) a través do traballo autónomo en todos os escenarios docentes. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento e capacitación para a elección, manexo e tratamento da información e datos xeográficos nun contexto disciplinar e multi-disciplinar	10	A3 A4 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles. Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante una proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

FAO, **Alimentación y agricultura,**

Fundación Vida Sostenible, **Huella ecológica,**

GAPMINDER, **Explore the World,**

Méndez,R. y Molinero, F., **Espacios y sociedades,** 1, Ariel Geografía, 1998

ONU, **Naciones Unidas,**

RED AGUA, **Huella hídrica,**

Santos, M., **La naturaleza del espacio,** 1, Ariel Geografía, 2000

Stiglitz, J., **El malestar de la globalización.,** 1, Taurus, 2002

Varios Autores, **Las escalas de la geografía: del mundo al lugar,** 1, Ediciones UCLM, 2010

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xeografía: Fundamentos de xeografía física/O02G251V01101

Outros comentarios

A guía docente describe as liñas xerais da materia e concíbese de forma flexible. Pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase ou polas situación que poidan xurdir.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (actividades introdutorias, leccións maxistras, seminarios, preparación de traballos) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados. O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.
